



CONCELLO DE MONTERREI (OURENSE)

A Alcaldía, mediante Decreto do día 2 de marzo de 2023, aprobou a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas da convocatoria para a provisión, mediante concurso-oposición, dunha praza de administrativo, incluída na Oferta de emprego público do ano 2021, así como a composición do tribunal cualificador, o día e hora da súa constitución, da valoración de méritos e de realización das probas, o cal é do seguinte teor literal:

Por Decreto da Alcaldía, de data 11 de novembro de 2022 (BOP nº 274 do 30 de novembro de 2022) aprobáronse as bases e a convocatoria dos procesos selectivos dunha (1) praza de ADMINISTRATIVO, grupo C1, praza incluída na Oferta de emprego público do ano 2021, funcionarios de carreira, polo procedemento de concurso oposición, praza de promoción interna.

Ao non figurar ningún excluído na relación provisional de admitidos e excluídos, segundo a publicación do BOP núm. 40, do 17 de febreiro de 2022 e na sede electrónica do Concello de Monterrei, de conformidade co establecido na base 5ª da convocatoria, DISPOÑO:

Primeiro: elevar a definitiva a lista provisional de admitidos e excluídos na seguinte forma:

ADMITIDOS

Núm.	DNI	Apelidos e nome	Exento/a proba de galego
1	**70*4*6T	Zarraquiños Novelle María Pilar	SI

EXCLUÍDOS

Ningún

Segundo: deixar constancia de que non se presentaron ata a data abstencións ou recusacións ao tribunal publicado

O tribunal cualificador do proceso selectivo será o seguinte:

Presidente:

Titular: Manuel Valentín Pérez Nieto





CONCELLO DE MONTERREI (OURENSE)

Suplente: María Isabel Rodríguez Carrera

1º Vogal:

Titular: María Ángela Garrido Movilla.

Suplente: Paula Rodríguez Yañez.

2º Vogal:

Titular: Carlos Castiñeiras Rois.

Suplente: Miguel Cid Listón

3º Vogal:

Titular: Santiago Rafael de Lorenzo Taboada

Suplente: Cristina Taboada González

Secretario:

Titular: Paulino Fernández Salgado

Suplente: Miguel Ángel Rodríguez Rodríguez

Terceiro: sinalar lugar e data para a constitución do tribunal para o vindeiro día 14 de marzo de 2023, martes, ás 11.00 h, no salón de sesións da casa do Concello de Monterrei.

Cuarto: sinalar lugar e data para a valoración de méritos para o vindeiro día 14 de marzo de 2023, ás 11.15 h, no salón de sesións da casa do Concello de Monterrei.

Quinto: convocar os aspirantes para a realización do primeiro exercicio que se desenvolverá segundo as forma prevista nas bases publicadas no BOP núm. 274, do 30 de novembro de 2022, para o día 14 de marzo de 2023, ás 11.30 h, no salón de sesións da casa do Concello de Monterrei (rúa Fontiñas, núm. 2, 32618, Albarellos, Monterrei, Ourense)

Monterrei, 2 de marzo de 2023

O alcalde
José Luis Suárez Martínez

